

Fixo coma, coma o meu neto que, andaba alí atrás de min para que comprara unha bicicleta. E resulta que, eu compreille a bicicleta porque me daba lástima e era moi amigo de andar cas vacas, e compreille a bicicleta. E entonces, alí foi el e saleu coa, ca bicicleta pro camiño, saleu coa bicicleta pro camiño e veu un coche, e, e colleulle a bicicleta e a el, ghindouno po outro lado e marchou, pero, colleu a bicicleta e marchou. E entoncese alí fun eu, e díxenlle eu:

- Deixa que aghora, non che hei de comprar máis. E agora, has de estar aí sujeto, non che compro máis.

Ahora que me, eu comprárala pa que viñera á misa, na bicicleta, e que a deixaba no, na, no camiño, no, no Pucho na taberna. E dixo:

- E mamá...
- Deixoa aí na taberna.

E dixo:

- Ca bicicleta non se vai á misa.

E dixo:

- Poise eu teño que, ten que me comprar a bicicleta senón non podó ir á misa.

E, e, entonces díxenlle eu:

- Non que, o cura non che quere a bicicleta na misa.
- Pero déixoa na taberna, usté cómprema.

Resulta que agora, alí ten a bicicleta estraghada, agora anda comigho pa que non, pa que lle arrehle a bicicleta outra ves. E díxenlle eu, díxenlle eu:

- Non che arrehlo a bicicleta porque vai pasalo mirmo, e vai haber unha avería contigho, amais ca, ca moto. Ala, tela alí parada!

E agora, chora e, anda atrás de min e, e dixo:

- Ai mamá, poise ten que ma comprare, ai mamá e ten que ma comprare ou arrehlarma!

Ahora anda con seu pai pa que lla leve no coche. Seu pai, claro, non lla quere levar porque é un traste de, de...



Museo
do Pobo
Galego

- Inútil
- É un traste
- É un traste inutil
- É verdá



instituto de
estudos das
identidades

- Amais pa unha desgracia.
- É pa unha desgracia sí.
- É, é, pa unha desgracia.